

1595

ESTACIÓN CREATIVA

• 2014 •

COLECTIVO 15885

Edita:

Concello de Vedra
Concellaría de Cultura e Xuventude

Co apoio de:

Xunta de Galicia
Consellería de Traballo e Benestar
Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado

Coordina:

Colectivo 15885
Área de Extensión Sociocultural e Desenvolvemento

Deseña e maqueta:

Pedro Maceira Orosa

Fotografa ó colectivo:

Jorge Luis González Gestoso

Dep. Legal:

COLECTIVO 15885

SABÍAS QUE...

Xuventude Crea é o evento que engloba a maior manifestación da creatividade xuvenil galega, o lugar onde mellor se pode visualizar o enorme talento que atesoura a nosa mocidade.

Xuventude Crea ten como obxectivo crear un espazo no que os nosos mozos e mozas poidan exercitar as súas habilidades, ensaiar solucións innovadoras, valorar o exame crítico das obras e outorgarlles visibilidade.

Xuventude Crea é o resultado do talento da mocidade galega, pero tamén do seu esforzo, porque a creatividade tamén é cuestión de traballo e non só de inspiración.

Aos poderes públicos correspóndelles favorecer e impulsar esta creatividade e o espírito emprendedor. Por iso, en Galicia ao longo deste ano puxemos en marcha, dentro do Plan Estratéxico de Xuventude de Galicia, 2014-2016 (Eixe 3) un total de 22 medidas para a súa promoción.

Avanzar neste terreo contribúe a que os novos creadores descubran o potencial das súas aptitudes e fortalezan a súa confianza. Así elaboran proxectos novidosos e se preparan para ser os emprendedores do futuro.

Nas follas deste catálogo atopamos un bo exemplo de como creatividade e mocidade se unen para dar vida ao Colectivo 15885, unha acción coa que se fomenta e fortalece o impulso creativo da xuventude vedresa.

Ovidio Rodeiro Tato

DIRECTOR XERAL DE XUVENTUDE E VOLUNTARIADO

SAÚDO

Este proxecto naceu coa filosofía das témporas que nos din o tempo que vai vir!... e debeu converterse nun bo presaxio, pois con el demostramos que a Vedra se achega un tempo novo, ilusionante, onde a creación dos máis novos e novas terá o seu espazo.

Con el xurde o Colectivo 15885, un grupo de persoas que en principio soamente tiñan en común a súa creatividade e o seu lugar de orixe. Trátase de dezasete mozos afeccionados/as ou profesionais de diferentes disciplinas artísticas: artes plásticas, música, arquitectura, deseño gráfico, fotografía, audiovisual, moda, gastronomía... que nos demostran o seu bo facer neste catálogo.

Mais este colectivo non se queda no papel, senón que toma vida propia e convértese nunha aposta pola innovación, converténdoo nun proxecto máis ambicioso, máis persoal, máis interdisciplinar e global.

Desde o Concello de Vedra queremos que este desafío non sexa máis que o inicio por conseguir un espazo no que a xuventude poida e queira demostrar a súa capacidade de dar vida a calquera nova idea...

... Benvido Colectivo 15885

Carlos Martínez Carrillo

ALCALDE DE VEDRA



COLECTIVO 15885

15885 non é unha data memorable, pero podería. Tampouco un fertilizante nin un número de información telefónica. Podería ser un código de barras ou mesmo un grupo de rock, pero non é o caso. 15885 é o código postal do concello de Vedra, que escollemos como nome do colectivo artístico que presentamos con este catálogo. E por que esta escolla? Pois porque é unha maneira de simbolizar aquilo que temos en común. Somos un grupo heteroxéneo. Novos valores, din de nós. Novos, novos... de 18 a 35 a marxe é ampla. Novos valores do ámbito da creación, engaden. E que é iso da creación? Pois nin máis nin menos que mirar a vida cos ollos da imaxinación, eses ollos grandes que nos puxemos de cativos e que nos permiten ver mundos e moreas nun simple repolo, por dicir algo. Isto é, uns pintan e outras quitan fotos, unhas debuxan con lapis e outros con ordenador, uns deseñan edificios e outras roupa, unhas compoñen música e outros fan pasteis multicolores... así ata case dúas ducias de mozas e mozos. Como viñamos dicindo, cada un somos dun pai e dunha nai, pero todos medramos e vivimos en Vedra. Voilá: o Colectivo 15885!

A idea xurdiu a partir dun impulso institucional para fomentar e fortalecer a participación na vida cultural de mozos e mozas, apoiando emprendementos creativos para o desenvolvemento local; xerar un espazo-rede para visualizar e darlle voz aos novos talentos emerxentes; e apoiar a creación dun tecido social e profesional relacionado coa creatividade. Cousa seria! Vistes?

Con esta importante misión convocáronnos a unha primeira xuntanza alá por principios de ano. Nesa primeira toma de contacto atopámonos caras coñecidas que nos perderamos de vista unhas ás outras, con outras novas que nin sabiamos que existían malia telas ao pé da casa. Había potencial, así que nos sumamos á iniciativa. Pouco a pouco, reunión tras reunión, e tamén despois dalgunha que outra visita ás tabernas da zona (por aquilo de contribuír ao desenvolvemento da economía local), fomos apropiándonos da idea e facéndoa nosa.

Este catálogo e a exposición que leva asociada son a nosa carta de presentación. Con eles dámonos a coñecer en sociedade e tamén entre nós mesmos. Desta primeira posta en común esperamos que xurdan novos proxectos. Creamos desde aquí, cos pés na terra na que nos criamos. Crear e criar, dous verbos ben próximos, verdade? En definitiva, facemos creación expansiva, dende Vedra para o mundo.

Agora que nos coñeces, se cres que cumpres os requisitos, se un repolo che inspira a idea máis fantástica do mundo, ponte en contacto con nós. Somos heteroxéneos, multidisciplinares, inclusivos e expansivos, cóncavos e convexos, flexibles, versátiles, serios e responsables, pero tamén un chisco caralláns e rexoubeiros. A que mola!

ÍNDICE

CESAR
GARCÍA PIÑEIRO
ARQUITECTURA

MARÍA
DEVESA TORRES
ARTES PLÁSTICAS

ISABEL
ALBELA GONZÁLEZ
DESEÑO GRÁFICO

PEDRO
MACEIRA OROSA
DESEÑO GRÁFICO

DIANA
DEVESA BOUZÓN
DESEÑO GRÁFICO

ESMERALDA
LÓPEZ CASTRO
ARTES PLÁSTICAS

ELENA
CORTÉS CALVO
ARTES PLÁSTICAS

ROSA ELENA
VEIGA
ARTES PLÁSTICAS

CARLOS
GAMÁS VILLANUEVA
DESEÑO GRÁFICO

JORGE LUIS
GONZÁLEZ GESTOSO
FOTOGRAFÍA

GLORIA
FERREIRO NIETO
FOTOGRAFÍA

FÁTIMA
ROCHA
ARTES PLÁSTICAS

MANUEL
GARCÍA TORRE
AUDIOVISUAIS

PABLO
RENDO DURO
AUDIOVISUAIS

MARINA
SILVA PENA
REPOSTERÍA

NOELIA
TAIBO MERA
MODA

FERNANDO
REY IGLESIAS
MÚSICA

AR
QUI
TEC
TU
RA

ARQUITECTURA



CESAR GARCÍA PIÑEIRO

[29_06_1987]


San Pedro de Sarandón


¡Eu quero ser albanel...! Ou fontaneiro, mellor carpinteiro, pintor...

Dende moi cativo cada vez que me facían a famosa pregunta de "que queres ser de maior?" A miña resposta cambiaba segundo o que andase roldando pola miña casa en cada momento. Pero todo cambiou co "fatídico accidente laboral" aos 9 anos, ao romper unha uña cunha paleta de obra mentres levantaba un mini-tabique de ladrillo... A partires de entón, comezou o meu interese por debuxar planos, ver o xeito de distribución das vivendas, comprender como se constrúen, e en definitiva, entender como o deseño dun edificio pode axudar a que vivir nel sexa máis cómodo, agradable e mellor.

Falar dunha casa como obxecto artístico pode parecer un sen sentido, sen embargo a capacidade de influencia que exerce unha vivenda na calidade de vida dos seus habitantes, converte en arte o labor da construción. Arte da vida diaria en busca do benestar da persoa a través da arquitectura. Entón, ¿que quero ser de maior? ¡Arquitecto...como non!

✉ cesar.garcia.pineiro@hotmail.es





ARTES
PLÁSTICAS

ARTES PLÁSTICAS



MARÍA DEvesa TORRES

[13_01_1989]

San Pedro de Sarandón

Sempre me gustou o debuxo, pasei a infancia debuxando, a todas horas e por todos lados, ata nos libros de cociña de miña nai. No colexio debuxaba nas marxes dos libros, nos cadernos e ata na mesa cando me aburría. Sigo debuxando moito, dedícolle a maior parte do meu tempo. Cando fai bo tempo collo o caderno de debuxo e lapis e saio debuxar ao aire libre.

Pasaba horas debuxando, así que fixen o bacharelato de artes. Despois cursei un ciclo medio de artes gráficas e agora estou indo a clases de pintura ao óleo desde fai dous anos e empezo a facer retratos por encargo a lapis.

O meu estilo é realista, o que máis me gusta é pintar pai-

saxes e animais. Tamén pinte algunha obra dos pintores do renacemento italiano, xa que son os meus favoritos. Ademais gústame a temática do debuxo fantástico.

En canto á técnica, a maioría dos meus traballos son a lapis ou tinta china, teño debuxos a bolígrafo, algunha acuarela, acrílicos e óleos.

✉ meryamdt@gmail.com







ESMERALDA LÓPEZ CASTRO

[23_03_1979]

A Ponte Ulla

Son xornalista e teño un máster en Arte Contemporánea. Isto non é así por azar, senón porque penso que xornalistas e artistas comparten moitas cousas na súa maneira de mirar o mundo e interpretalo, con espírito crítico, pero tamén con sentido do humor. O máis importante que aprendín desta dobre perspectiva é que a creatividade pode estar en todo o que facemos e que se procuramos estimulala e aplicala sentirémonos máis felices.

No ámbito estrito das artes plásticas e visuais tiven sempre moitas inquiredanzas e algunhas habilidades. Asistín a cursos de pintura, fotografía, curtametraxe, modelado de barro, cestería... pero pódese dicir que son basicamente autodidacta.

Esas ansias creativas leváronme a poñer en marcha un proxecto propio a medio camiño entre o profesional e o persoal. No ano 2012 parín O Taller da Bubela, un pequeno obradoiro de artesanía e outros apaños. O meu lugar de traballo é o baixo da miña casa, onde anos atrás estaba o taller de zapateiro do meu avó. Animoume esa coincidencia.

✉ emelopezcastro@gmail.com







ELENA CORTÉS CALVO

[21_04_1989]


Santo André de Trobe

Nacín na Coruña en 1989 e resido en Vedra, son unha deseñadora de formación autodidacta e licenciada en Dereito.

A costura, o punto de cruz, o deseño de imaxes, o collage, a mestura de telas e texturas son algunhas das técnicas que definen o meu estilo. O meu traballo actualmente focalízase na creación de complementos de diferente tipo: diademas, pinzas, broches, colares, aneis e totebags. Por unha banda os meus deseños combinan estampados florais e diferentes telas conseguindo rechamantes flores para o pelo ou totebags festivos. Outra parte das miñas creacións mesturan referentes diversos da cultura popular (xogos infantís, iconas recoñecibles ou obxectos cotiás) para dar como resultado rechamantes accesorios dotados dunha personalidade

propia e un gran sentido do humor. Deste xeito, obxectos coma unha goma de borrar Nata, un rolo dunha fita magnética dun casete ou unha peza de lego, poden converterse nun sorprendente e divertido broche, un anel con aire retro ou unha pinza do pelo cun toque naïf. Así que se nos cruzamos con alguén pola rúa que leva unha rechamante flor no pelo, unhas cereixas de punto de cruz na lapela ou un space invader fóra de lugar, poderemos apostar a que moi probablemente se trate dun deseño de Elena Cortés.

✉ elenacortescalvo@gmail.com





Fotógrafa: María faioquequeiras
Web: faioquequeiras.tumblr.com



ROSA ELENA VEIGA

[21_08_1996]


Santa Cruz de Ribadulla

Teño 17 anos. Desde pequena manifestei interese por varias facetas artísticas, chegando a gañar diversos concursos literarios, e tamén algúns certames escolares de debuxo. No ano 2012 transladeime a Helena (USA), onde cursei Interior Design, Fashion Design e Art. Ali publiquei dous debuxos no libro Pen & Ink. Participei tamén nun fanzine cun debuxo orixinal. E dentro da exposición anual dos artistas de Helena están expostos dende abril de 2013 varios debuxos orixinais meus.

Teño unha páxina en internet en DeviantART como Rossally, con crecente número de seguidores. Os meus debuxos teñen como compoñente común o detalle, con gran colorido e coidados degradados e sombras, e forte influencia do debuxo manga.

✉ inorirossally@hotmail.com








FÁTIMA ROCHA
Santa Baia de Vedra

[27_03_1995]

Despois de estudar secundaria e o ciclo de Actividades Físico Deportivas no Medio Natural, optei por emprender un proxecto empresarial no eido da hostalería.

Teño o recordo, que de pequena cando comecei a facer os primeiros garabatos, non había un só papel que quedara en branco. Co paso dos anos eses garabatos comezaron a adquirir sentido, e a partir de aí o debuxo converteuse non só nunha afición onde pasar o tempo, senón nunha forma de expresar o meu sentir.

✉ fatimavedra@gmail.com



Rocha
21-11-12



AUDIO
VISUAIS

AUDIOVISUAIS



MANUEL GARCÍA TORRE

[16_05_1979]

Santa Cruz de Ribadulla

Os primeiros pasos no mundo audiovisual, deinos a finais dos anos 90 nas xa desaparecidas Tele Teo e Tele Boqueixón, como colaborador.

Despois deste primeiro acercamento, comecei a estudar o Ciclo Superior de Realización de Audiovisuais e Espectáculos, na Escola de Imaxe e Son de Vigo. A raíz disto incorporeime ao mundo laboral en diferentes televisións e produtoras (Filmanova, CTV, Localia Santiago, Deza Visión, Saga TV,...) ampliando, ao mesmo tempo, a miña formación coa Licenciatura en Comunicación Audiovisual, na Universidade de Vigo.

Ademais, desde o ano 2001 realizo traballos como freelance, desenvolvendo tarefas no mundo do deseño gráfico, fotografía, realización audiovisual, gravación, edición e postproducción de vídeo. Compaxino este labor co de profesor en diferentes cursos (Técnico de Audiovisuais [Plan AFD], Photoshop, Premiere, etc.) e no Grao en Comunicación Audiovisual na Facultade de Ciencias da Comunicación da Universidade da Coruña.

✉ manuelgarciatorre@gmail.com

PROXECTOS REALIZADOS

No mundo audiovisual teño experiencia na realización, edición e postproducción de programas de televisión, documentais, ficción audiovisual, vídeos industriais, vídeos promocionais, spots de televisión, vídeo social, etc; algúns destes traballos realizados en produtoras e outros como freelance. Os seguintes fotogramas pertencen a producións desenvolvidas coa produtora Saga TV: vídeo promocional do Centro Superior de Hostalería de Galicia (1), documental Lira, reserva de vida na Costa da Morte (2 e 3), documental O novo Emden (4) e vídeo promocional para Aemet, Axencia Estatal de Meteoroloxía (5).



1



2



3



4



5

A continuación, pódense ver fotogramas dalgúns dos vídeos producidos como freelance: vídeo de promoción turística do Concello de Vedra (1), vídeo industrial para a empresa Plastycasset (2), spot da Semana Verde de Galicia para a súa emisión na TVG e V Televisión (3), vídeo presentación do disco Maise do grupo A Requiña da Laxeira (4) e o documental Coplas Ulláns, Cántigas da Ulla (5),

Para coñecer máis sobre as producións audiovisuais realizadas, podes acceder a través deste código QR á miña canle en Vimeo.



FOTOGRAFÍA

Neste campo, levei a cabo diferentes proxectos entre os que se atopan: fotografías para o libro *As pontes do río Ulla* (1), fotografías para a revista *Galeduso* do Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia (2), fotografías para o calendario do Concello de Vedra (3), reportaxes de fotografía social (4) e reportaxe fotográfico da presentación de vodka Nordés (5).

A través do seguinte código QR, terás acceso ao meu espazo en Flickr.





PABLO RENDO DURO

[27_06_1987]

Santa Cruz de Ribadulla

Encántame captar a luz, a forma, as expresións, gardar delas unha imaxe que perdure no tempo.

O meu oficio e paixón consiste en traballar coa luz, fundamentalmente como medio que capacita ás persoas para percibir visualmente as cousas. Cursei Imaxe Audiovisual e Iluminación de Espectáculos na Escola de Imaxe e Son da Coruña, e realicei numerosos cursos relacionados, pero de sempre me vén a curiosidade por este campo. Traballei en importantes producións tanto en directo como para televisión, cine, publicidade,... actualmente traballo nunha empresa de iluminación audiovisual e compatibilízoo co meu traballo freelance e persoal como fotógrafo, operador de cámara e iluminador.

✉ pablo.rendo@hotmail.com



DOCUMENTAL TANN SA YOON

Dirección de fotografía do documental "Tann Sa Yoon" para a ONG Ecos Do Sur.

Dir. Fotografía: Pablo Rendo

Op. Cámara: Elda Rodríguez, Pablo Rendo

Timelapses: Bruno Area

Fotografías: Pablo Rendo





RED BOOTS

Diseño de iluminación do videoclip RED BOOTS e sesión fotográfica, para o grupo musical *Maryland*.

Iluminación: Pablo Rendo

Fotografías: Tamara De La Fuente



FOTOGRAFÍA PERSOAL

Fotografías pertencentes a diferentes traballos



DESEÑO
GRÁFICO

DESEÑO GRÁFICO



ISABEL ALBELA GONZÁLEZ

[22_04_1985]

San Mamede de Ribadulla

Hai un tempo, unha amiga díxome que era a persoa máis curiosa que coñecera na súa vida. Días despois, pensando nas súas palabras, dinme conta que igual esa curiosidade foi a que derivou en que o primeiro recordo da miña infancia se me quedara gardado na memoria para sempre.

Ese primeiro recordo é a lembranza do meu primeiro castigo. Era tan pequena, que aínda non tiña a idade regulamentaria para ir á escola. Un día, á hora do recreo, escapeime da casa e saín correndo costa abaixo, dereitiña á escola.

Non sei moi ben qué foi o estimulante que me fixo escapar ese día da casa. O que sí lembro da miña visita á escola, son as caixas repletas de lápices de cores de infinitos tamaños que a mestra dona Lolita tiña gardados con mimo. Esa

curiosidade levoume a un descubrimento fermoso que fixo que o castigo pouco importara e que unicamente esperara con gran ilusión o definitivo día no que oficialmente ía comezar a escola.

O resto dos anos foron un camiño de experimentación con formas, cores, texturas, técnicas, tipografías, viaxes e sobre todo de experiencias persoais.

Na actualidade, compaxino os estudos de Fotografía Artística con BOH, un proxecto de deseño e creación gráfica que, a través da simplificación e formas xeométricas, pretende valorar a cultura e tradición galega mediante o deseño aplicado a diferentes soportes.

✉ isa.albela@gmail.com







PEDRO MACEIRA OROSA

[14_06_1986]

Santa Cruz de Ribadulla

Non podo dicir que desde pequeno tivese claro a que me ía dedicar, máis que nada, porque daquela aínda nin existía a miña profesión como tal; así como, no seu momento, tampouco foi sinxelo convencer ós meus pais.

Recordo cando, sendo un neno, me caera nas mans a miña primeira cámara analóxica e como co paso do tempo sentiría especial debilidade pola fotografía e a imaxe. Moitos anos de experimentación transcorreron ata que merquei a miña primeira cámara dixital compacta, a mesma que aínda hoxe me sorprende por todo o partido que fun capaz de lle sacar. Xa na Universidade da Coruña vivía nunha residencia con máis de 500 estudantes pertencente á Fundación María José Jove que convocaba todos os anos un concurso de fotografía. Fun o afortunado gañador e invertín o premio

na miña primeira cámara réflex.

Orientando os meus estudos á miña paixón, estudei Deseño Gráfico Publicitario na Escola Superior Marcelo Macías, onde se me outorgou a mención de honra, acadando a media máis alta na miña disciplina. Así mesmo, obteño os títulos en Deseño Gráfico Publicitario das Escolas ESSERP Business School e ESCM París.

Ao rematar os meus estudos e tras pasar un proceso de selección, comezo a traballar nunha importante multinacional téxtil na Coruña, no departamento de Marketing e Comunicación como deseñador gráfico; ata que, un ano despois, se me presenta a oportunidade de volver á casa para traballar nunha axencia de publicidade en Santiago dC.

✉ pedromaceira@gmail.com

CREACIÓN E REDESEÑOS DE MARCAS

Dentro do meu ámbito profesional, un dos meus puntos máis fortes son as imaxes corporativas e todo o que este concepto engloba. Algo que parece relativamente sinxelo, como é un logo-tipo, ten detrás un profundo estudo sobre tódolos ámbitos da empresa e da súa filosofía.

Espazos, pesos, alineacións, tipografías, tagline, cores, símbolos... sintetizar o significado de algo moi grande e complexo en algo graficamente moi pequeno.

Isto só é unha miguiña de todo o que implica o meu traballo como deseñador gráfico, xa que as opcións son moitas: páxinas web, fotografía, vídeo, grabación e edición, maquetación de libros e catálogos, campañas de marketing...





IDENTIDADE CORPORATIVA

Un logotipo só é o primeiro paso para obter unha identidade corporativa sólida. Ten que ser algo ben pensado, estruturado e coherente en toda as súas formas para conseguir transmitir unha imaxe de éxito e duradeira no tempo.

É moi importante que todos os soportes onde se reproduce dalgunha forma a imaxe, estén orientados ós intereses da propia entidade, e que en conxunto, garden a coherencia que lle dará forza e unidade.

Cando se elabora un traballo deste tipo, según as necesidades de cada proxecto, téñense que ter en conta todo os formatos, tanto dixitáis como impresos.



PACKAGING E IMAXE

É fundamental á hora de ter un produto que ó mundo ó velo lle entre polo ollos. O traballo de produto, maquetación e toda a imaxe que lle rodea ten un proceso creativo apaixonante, sobre todo cando podes ver o resultado final de tódalas pezas xuntas e observar a armonía que transmiten.

Á hora de deseñar un produto, é de vital importancia, que a súa imaxe teña un gran impacto visual. É neste campo onde comeza a cobrar protagonismo o proceso creativo. Aquí entran en xogo ás ideas, os recursos e as influencias artísticas.

Este mundo precisa xente que ame o que fai. E eu presumo diso.





DIANA DEvesa BOUZÓN

[22_01_1989]

Santa Baia de Vedra

De maior quero ser fotógrafa e deseñadora. Ou á inversa. Polo de agora fórmome e busco a creatividade. Para iso miro dende detrás do obxectivo da miña réflex e dende a pantalla do ordenador. Estudei marketing e actualmente fago o grao de publicidade e relacións públicas en Pontevedra. Aí foi onde me explicaron algo valioso, "busca o que che guste facer, que será o que fagas con paixón e por tanto o que mellor fagas. E practica".

Iso fago. E para iso vou retratando a vida, o meu entorno máis próximo, a familia... E deseño pequenos proxectos para as persoas que me coñecen e confían na miña paixón. Neste tempo deime conta de que coa fotografía e o deseño podemos contar historias, relatos ás veces sen palabras

que din todo o que hai que explicar; imaxes coas que podemos atesourar lembranzas e recordos máxicos.



Sigo buscando...a creatividade. A paixón atopeina fai algún tempo!

✉ devesabouzon@gmail.com

DESEÑO GRÁFICO

Este é o primeiro exemplo de deseño de identidade corporativa con algún dos elementos gráficos que tiveron que deseñar para esta empresa.

O que se plantexou para este proxecto foi a creación do logotipo da empresa así como a creación de todo o manual básico de identidade corporativa e outras aplicacións para o desenvolvemento da actividade desta empresa de cría de capóns ecolóxicos.






CUMPREANOS

Este traballo de deseño foi un encargo para crear o logotipo e os complementos para a decoración dun cumpreanos. Creouse dende o logotipo, banderolas, etiquetas para bolsas e botellas, bandas para cupcakes, tarxetas cos nomes dos nenos e banderolas. Deixo unhas fotografías para ver o resultado do traballo.

FAVENSIS

No caso de Favensis retocouse levemente o logotipo para crear todo o manual de identidade corporativa da empresa. A continuación pódense ver uns pequenos exemplos do traballo realizado.



FOTOGRAFÍA

En canto á fotografía, estas instantáneas son unha pequena pincelada do que fixen ata agora, xa que, ó ser un campo tan amplo, é moi complicado reduci-lo todo a oito fotos.

A continuación pódense ver retratos a nenos e adultos en sesións fotográficas con complementos, paisaxes para plasmar toda a fermosura dun lugar ou fotografías en detalle para expresar cunha fotografía toda a beleza do obxecto.





CARLOS GAMÁS VILLANUEVA [05_11_1983]
Santa Baia de Vedra

De formación e profesión son cociñeiro. A elección desta profesión non foi por vocación, senón máis ben por seguir coa tradición familiar. Sen embargo, gústame porque é unha forma distinta de facer e expresar a miña creatividade.

Xa dende temperá idade tiven acceso ao mundo da informática, Internet, deseño... e fun vendo medrar as miñas inquiredanzas polo mundo do deseño gráfico, deseño web, fotografía e vídeo, ao tempo que descubría as miñas calidades e habilidades innatas.

Por iso a miña formación nestes campos é toda autodidacta. No 2003 participei nun curso de deseño web e pequenas nocións de Photoshop e de Flash. E, a base de erros e

titorías de Internet, fun medrando profesionalmente e utilizando máis programas coma Movi Maker, Premiere, Encore, In Design e Photoshop CS4.

Cada encargo de traballos diversos eran sempre un reto, e de cada un deles fun aprendendo un pouco máis.

✉ katvedra@gmail.com





FOTOGRAFÍA

FOTOGRAFÍA



JORGE L. GONZÁLEZ GESTOSO [25_01_1989]

San Mamede de Ribadulla

Haberá como seis anos que me afeccionei á fotografía, digamos, de verdade. Daquela non tardara en buscar quen me encamiñara con consellos e fora parar a un pequeno laboratorio de fotografía química, dos de antes, onde botara uns meses a aprender a base desta arte, plasmando en papel o meu entorno máis próximo.

De alí a un tempo, comecei a experimentar co mundo dixital; o cal, pouco a pouco, absorbería toda a miña dedicación fotográfica ó mostrarme novos xeitos de retratar o mundo: as súas paraxes, as súas costumes, a súa xente.

Continuei formándome en diferentes cursos e obradoiros, marcándome obxectivos a curto prazo que coincidiron con

encargos de xente achegada, concursos gráficos ou clases de fotografía que eu mesmo impartín. Foi, desta, cando descubrin que tal afección me dera ferramentas para ver a realidade doutra maneira e que podía integrala nos meus estudos e no meu traballo.

Hoxe por hoxe, céntrome en proxectos persoais, gozando especialmente do retrato e da fotografía de viaxes.

✉ jlgonzalezgestoso@live.com

RÍO TRAS 80 MM

A maxia de Río de Xaneiro a través dun ollo de vidro, de quen quixo retratar unha cidade viva no día e na noite. Esta é unha sucesión de recordos non cronolóxicos do vivido nun Brasil turístico e humano, unha mostra do percibido en intres de reflexión por un subxectivo e namorado espectador.







GLORIA FERREIRO NIETO

[21_09_1978]

San Fins de Sales

Son mestra en Educación Infantil e Primaria e afeccionada á fotografía.

Todo comezou cando pedín como regalo de cumpreanos unha cámara. Entón unha amiga e mais eu fixemos un curso de fotografía. Grazas a ela apunteime ao concurso de Fotocamelia do Concello de Vedra, e por dous anos consecutivos tiven a sorte de gañar.

Gústame captar certos intres que pasan preto de min. Dos meus coñecidos, a miña familia e a natureza e a paisaxe do meu entorno. Cando vexo as fotos, sempre me parece que teñan algo máxico e que captan cousas que nese momento non viches ou non te deches conta de que pasaran.

✉ f.n.gloria@gmail.com





GASTRO
NOMIA

GASTRONOMÍA



MARINA SILVA PEÑA

[14_02_1988]

San Xián de Sales

Dende fai tres anos, exerzo como unha das reposteiras oficiais de Forno de San Xián, obradoiro de repostería que rexento xunto coa miña nai.

Partindo dunha materia prima galega e de calidade, seguindo por unha base tradicional e unha elaboración unicamente artesanal e rematando cunha decoración cautivadora, obtemos un produto auténtico, saboroso e, en todo o proceso de elaboración, personalizado.

Comprometidas coas intolerancias alimentarias elaboramos, nós mesmas, produtos aptos para celíacos, diabéticos, intolerantes á lactosa e alérxicos ao ovo.

✉ real_marina11@hotmail.com





MODA

MODA



NOELIA TAIBO MERA

[27_06_1990]

Santo André de Trobe

A cultura e a arte atraéronme dende moi cativa. A sensibilidade polas formas e as cores sempre espertou a miña curiosidade.

Fascínanme a creación e a innovación, polo que me formei como deseñadora de moda. A inspiración nace en min a partir das sensacións que me transmiten nun determinado intre unha película, unha canción ou unha paisaxe. A partir dese momento comeza o proceso de investigación e creación.

Outra das miñas grandes debilidades é coñecer novos lugares e culturas. Considero que viaxar é a mellor forma de sentir liberdade e atopar boas oportunidades. Por iso de-

cidín mudarme a Londres cando rematei os estudos, onde traballo como axudante de deseño en LUIS e continuo coa miña formación no eido da moda.

✉ noelia.taibomera@gmail.com





PROXECTO FINAL: INNER VOICE

A colección inner-voice nace a partir da idea de transmitir un proceso de evolución interno humano. Partindo da idea de que o individuo se atopa preso nun mundo futuro artificial ata chegar a sentir unha "voz interior", revelándolle a fragilidade humana. Este concepto conxúgase nas prendas creando unha transición desde as liñas angulosas do futurismo ás curvas suaves do organicismo, que a través da estética minimalista, crea unha atmosfera pulida e limpa.

Fotógrafo: aiGi boGa

Maquillaxe: Vanesa Rial

Modelo: Patricia Couselo

MU
SICA

MÚSICA



FERNANDO REY IGLESIAS

[07_01_1983]

Santa Cruz de Ribadulla

Á idade de 6 anos comencei a miña relación con esto da música na EMSCR co mestre Delio Represas Carrera. Á idade de 7 anos comencei a estudar trompeta, e ós 8 anos ingresei na BMSCR. Nunca pensara en dedicarme profesionalmente á música, pero esto cambiou cando asistín con 10 anos a un curso impartido por José María Ortí Soriano (ONE). Decidín preparar a proba de acceso ó Grado Medio no CMSC. Fun a numerosos cursos con mestres coma : José María Ortí Soriano (ONE), Benjamín Moreno (RTVE), Javier Simó Echarte (RFG), John Aigi Hurn (OSG), Luis González (OSM), José Vicente Simeó (Conservatorio Superior de Vigo), Bo Nilson (Malmö Academy of Music), Mireia Farrés (ONC), etc.

Fun alumno da Escola de Altos Estudos Musicais de Galicia. No campo Orquestral son colaborador da RFG, OSG, OCG, OCV, OSV, Orquestra Sinfónica 430, OSVC, OCG, OSP, etc.

Os meus estudos musicais continueinos e remateinos no Conservatorio Superior de Música de Vigo.

Son Director da EMSCR e Subdirector da BMSCR.

Na actualidade, son profesor da EMMSC. Estudio Dirección de Orquestra e Banda co mestre Navarro Lara, para obter a Licenciatura en Dirección de Orquestra e Banda pola Associated Board of the Royal Schools of Music de Londres.

✉ nanito_trpt@hotmail.com

LUMBAOS

Lumbaos, como todos sabedes, é unha gran costa que une Sta. Cruz de Abaixo, con Sta. Cruz de Arriba, e que eu, cando era pequeno, tiña que subir todos os días andando para ir ao Colexio, xunto coa miña irmá.

Lumbaos é unha obra composta para Banda Sinfónica, e está na tonalidade de Mi m. Consta dunha introdución de 16 compases, onde aparece o tema principal da obra. Despois dos primeiros 16 compases, hai un cambio brusco no tempo e tamén no estilo, pasando a un tempo máis lento a unha melodía moito máis triste e melancólica.

Despois deste tema un pouco máis triste, aparecerá outro tema completamente diferente, con maior importancia dos instrumentos de percusión e de metal. Utilizo estes instrumentos para representar a forza necesaria para subir esa terrible costa .


Para rematar a obra, elixin o tema utilizado na introdución pero con importantes cambios. En primeiro lugar utilizo a tonalidade de Mi M (na introdución era Mi m) coa diferenza de timbre que iso supón. Utilizo outro compás diferente, neste caso o 2/4 (ao principio era un 4/4). Outro motivo diferente será o acompañamento (na introdución moito máis elaborado).

Todos estes cambios fan a melodía presentada ao final completamente nova.



MUÑEIRA DO BAO

Esta muiñeira está dedicada ós meus veciños da aldea do Bao (Santa Cruz de Ribadulla). Está composta na tonalidade de Fa M, consta dunha introdución de 8 compases, un primeiro tema A de 10 compases con repetición (20 compases en total), cun segundo tema B de 8 compases que se repetirá constantemente ata o final da muiñeira. Neste segundo tema, utilizo diferentes dinámicas e cores sonoras, para que o propio tema vaia collendo, pouco a pouco, maior forza cara o final da Muiñeira. Os temas utilizados son melodías moi populares e simples, pensando en todo momento na propia natureza da miña aldea como a dunha Muiñeira en xeral.



O PINO MANSO

O Pino Manso é un piñeiro moi coñecido en Sta. Cruz de Ribadulla, famoso por dar unha gran cantidade de piñóns. Preguntaríadesvos por que compoño unha obra a un piñeiro, pois a explicación é moi sinxela; "porque eu era o que comía todos eses piñóns e sintome en débeda con él".

Está escrita para quinteto de metais (2 trompetas- trompa - trombón e tuba) na tonalidade de Sol Maior ao principio, modulando a Sol m, para acabar na tonalidade de Fa M.

A estrutura da obra é unha introdución de 8 compases, na que os diferentes instrumentos a modo de Canon van facendo un mesmo grupo rítmico, ata chegar a un gran calderón na Dominante creando unha semicadencia e dando sensación de continuidade. O primeiro tema (de 8 compases) aparecerá presentado nun primeiro momento pola trompa, contestando o trombón, logo trompeta e por último tuba.

O segundo tema que está en sol m, é un tema moito máis melódico có anterior. Para iso utilizo unha tonalidade menor, unha matiz moito máis piana e un tempo lento.

O último tema que aparece na obra está escrito no compás de amalgama 5/8 dando unha clara sensación de inestabilidade rítmica, pasando despois a un 4/4 lento, para conseguir un final moito máis espectacular.





Xuventude CREA²⁰¹⁴

moda diseño de xoias banda deseñada música graffiti
carteis artes plásticas poesía relato breve teatro videocreación

Infórmate en: <http://xuventude.xunta.es>

DL 6718/2014

AUDIA TARRA REY MARTINEZ



1585

ESTACIÓN CREATIVA